



PROPOSTA DE ACTA DA XUNTA DE FACUTADE, DO 03/11/21

Da comezo en segunda convocatoria a sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de 03/11/2021 ás 13:00 horas, no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, unha vez acadado o quórum preciso.

ASISTENTES:

PDI permanente:

ALONSO ÁLVAREZ, Nicanor
ALONSO CARRERA, Jaime
ALONSO VILLAR, Olga
ÁLVAREZ GARCÍA, María Begoña
AMIGO DOBAÑO, J. Lucy
ARÉVALO TOMÉ, Raquel
ARIAS MOREIRA, Xosé Carlos
BERGANTIÑOS CID, Gustavo
CABALEIRO CASAL, María José
CABALLERO FERNÁNDEZ, Gloria
CASTRO FERNÁNDEZ, Ana Esther
CASTRO RODRÍGUEZ, Fidel
COMESAÑA BENAVIDES, Fernando
CRESPO FRANCO, Tony
DÍAZ VÁZQUEZ, Raquel
DOCAMPO BARRUECO, José María
ESTÉVEZ TORANZO, Margarita
FERNÁNDEZ ARIAS, M^a Jesús
FERNÁNDEZ-FEIJOO SOUTO, Belén
FERRERO MARTÍNEZ, M^a Dolores
FERRO SOTO, Carlos A.
GAGO RODRÍGUEZ, Alberto
GARCÍA RODRÍGUEZ, M^a José
GARZA GIL, M^a Dolores
GARRIDO VALENZUELA, Irene
GIMÉNEZ FERNÁNDEZ, Eduardo
GÓMEZ FRAÍZ, José Santiago
GÓMEZ RÚA, María
GONZÁLEZ CERDEIRA, Xulia
GONZÁLEZ GÓMEZ, Manuel
GONZÁLEZ LOUREIRO, Miguel
GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Xose Manuel

GONZÁLEZ SAVIGNAT, Mar
GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Encarnación
LABANDEIRA VILLOT, Fco. Xavier
LÓPEZ MÍGUENS, M^a Jesús
LORENZO ALONSO, Pedro
LORENZO PICADO, Leticia
LOVEIRA PAZÓ, Rosa
MARTÍN MORENO, José M^a
MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, M^a Blanca
MARTÍNEZ SENRA, Ana Isabel
MIGUEL PALACIOS, Carlos de
MILES TOUYA, Daniel
MONTERO MUÑOZ, María
OTERO NEIRA, M^a Carmen
PARIENTE OJEA, Ángeles
PAZÓ MARTÍNEZ, M^a Consuelo
PIÑEIRO GARCÍA, Pilar
RÍO OTERO, Coral del
ROCA PARDIÑAS, Javier
RODRÍGUEZ CAMPOS, M^a Celia
RODRÍGUEZ DE PRADO, Francisco
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, M^a del Mar
RODRÍGUEZ PARADA, Sonia Margarita
RUIZ BLANCO, Silvia
SURÍS REGUEIRO, Juan
TEIXEIRA BAUTISTA, José F.
VÁZQUEZ PAMPÍN, Carmen
VÁZQUEZ VICENTE, X. Henrique
VELANDO RODRÍGUEZ, M^a Elena
VILA ALONSO, Mercedes
VILA BIGLIERI, Jorge E.

Alumnado:

AMOEDO FERNÁNDEZ, Andrea
ANTÓN GARCÍA, M^a Elena
APARICIO AYÁN, Tomás
BEIRO SUSO, Nahir



PROPOSTA DE ACTA DA XUNTA DE FACUTADE, DO 03/11/21

BOLAÑOS ACUÑA, Néstor
CARDEZO MOSQUERA, Jorge
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Iván
GARCÍA REMESAR, Amaya
HABTI NEHHAL, Fatiha
IGLESIAS ALLICA, Malena
LLOVES HERBÓN, Asun
MARTÍN PÉREZ, Marta
MARTÍN VEGA, Natalia
PRADO LAGO, Camila
RODRÍGUEZ COMESAÑA, María
RODRÍGUEZ PÉREZ, Carla
RODRÍGUEZ SOUSA, Pablo
URIBE ANDRÉS, Silvia
VILA PARRA, Raúl
VILLAR GONZÁLEZ, Sandra

PAS:

CAMPO VILA, Margarita
JÁCOME PÉREZ, M^a Belén
LÓPEZ IGLESIAS, Manuel
MARZÁN GONZÁLEZ, M^a Asunción
MILORO COSTAS, Dolores Antonia
NIETO RODRÍGUEZ, Ángel
PEREIRA ALONSO, Ana I.
PÉREZ PEREIRA, Alberto
PRADO VÁZQUEZ, Ana de
PRIETO VILLA, Ángel
RAMIL VÁZQUEZ, Paula
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, María C.
VELASCO MARTÍNEZ, Ruth M^a.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

PDI

OTERO GIRÁLDEZ, M^a Soledad.

A Orde do Día é a seguinte:

PUNTO ÚNICO: Elección de Decano.

A decana en funcións, Ana Esther Castro explica o procedemento para seguir nesta Xunta de Facultade. En particular explica a nova normativa vixente da votación a Decano.

En primeiro lugar dá paso a Jorge Falagán, único candidato que se presenta para elección a Decano que, como se atopa de baixa por enfermidade, conéctase de maneira virtual polo Campus Remoto da Uvigo para dirixirse a esta Xunta de Facultade:

Unha vez rematada a intervención do candidato á Decano comenza un período de intervención:

Bos días a todas as persoas que configuran esta Xunta de Facultade. Gustárame estar hoxe no Salón de Actos acompañando ao meu equipo de candidatura pero, unha intervención cirúrxica, da que me estou recuperando satisfactoriamente, impediu a miña presenza. Con todo, grazas ao forte investimento tecnolóxico que tanto a Universidade como a Facultade realizou estes últimos anos podo comunicarme coa audiencia, aínda que sexa de maneira virtual. Fai tres anos manifestaba que a principal razón pola que nos presentabamos era porque considerabamos que a Facultade estaba nunha situación de “stand by” na que prevalecía a “falta de ilusión”. Tamén nos plantexábamos varios obxectivos, entre os que podemos destacar:

Tentar posicionar á Facultade, no lugar que se merece, tanto dentro da Universidade como na sociedade da nosa contorna.

- A captación de alumnado para as nosas titulacións de grao e de posgrao.
- Tentar mellorar as oportunidades de colocación dos nosos egresados e egresadas.
- Optimizar a mobilidade do estudantado e
- Dar realce aos actos de gradación.

Finalizaba a miña exposición indicando que:

- tentariamos conseguir estes obxectivos con humildade, ilusión, dedicación, rigor, con ganas de integrar ao maior número de membros do centro no proxecto e baixo o paraugas da transparencia e o respecto e
- que: “As palabras que non van seguidas de feitos, non valen nada” Pero, se nos expomos uns obxectivos ambiciosos e temos ilusión en alcanzalos, aínda que cheguemos a conseguir só a metade deles, estaremos satisfeitos do noso esforzo.

Tres anos despois, este equipo xa non só pode falar de intencións se non que pode avalaer a súa traxectoria de 3 anos con feitos que procedo a enumerar:

- ✓ Realizamos 30 reunións da Comisión Permanente e 18 Xuntas de Facultade.
- ✓ Respecto a xestión durante o confinamento podemos destacar o proceso de comunicación continua co alumnado, inicialmente a través do correo electrónico e, cando estiveron operativas, tamén a través das aulas virtuais. Enviáronse 10 correos ao profesorado entre o 12 de marzo e o 18 de abril, ademais de varias

sesións a través das aulas virtuais. Realizáronse enquisas ao alumnado e ao profesorado e elaborouse un informe de case mil páxinas para a Xunta de Galicia...)

- ✓ Tras o confinamento, o equipo decanal realizou un traballo intenso para preparar a organización do curso 2020-2021 coas restricións que implicaba a situación de pandemia. Consegúronse realizar os actos de gradación que, por problemas de restricións de aforo tivéronse que realizar ao aire libre no campo de fútbol de herba artificial, o que supuxo un gran esforzo de organización e de loxística. Estes actos foron todo un éxito recoñecido por todos os asistentes. En setembro de 2021 celebrouse un acto de gradación das promocións que finalizaban en xuño de 2020, un compromiso do equipo decanal cos estudantes que puidemos cumprir. Este acto que inicialmente se ía a celebrar nos xardíns do Museo Quiñones de León e que, debido ás inclemencias do tempo, tivo que desprazarse, poucas horas antes da súa celebración, ao Salón de Actos demostrándose, unha vez máis, a capacidade de adaptación deste equipo decanal que adoita traballar, en moitas ocasións, cun plan B.
- ✓ Produciuse unha melloría nos resultados das titulacións. Se comparamos os datos do curso 2017-2018 cos do 2019-2020 (último ano dispoñible) vemos que en ADE: a taxa de rendemento pasou do 52,5% ao 71%, a de éxito do 69% ao 84% e a de gradación do 21,7% ao 29,4%, mentres que en Economía pasaron do 62% ao 77%, do 77,5% ao 87% e do 25,2% ao 41%, respectivamente. Con todo, pecaríamos de arrogancia se non tivéssemos en conta o carácter especial do curso 2019-2020. A pesar diso, se nos parecen moi relevantes os datos relativos ao grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente, que pasou de 3,77 a 3,86 en ADE e de 3,92 a 4,02 en Economía e ao grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento dos ensinos que pasou en ADE de 2,65 a 3,07 e en Economía de 2,65 a 2,74.
- ✓ Produciuse unha melloría na participación do estudantado nas enquisas de satisfacción. Hai que facer constar que a participación do estudantado da Facultade nas enquisas de satisfacción do curso 2020-2021 duplicou a media da Uvigo, o que motivou que a Director da área de Calidade felicitase ao equipo decanal.
- ✓ Volveron aprobar os horarios de teoría e práctica en Comisión Permanente, cousa que non ocorría desde o ano 2013 e retomouse a obriga de presentar un informe de xestión por parte do Decano na última Xunta de Facultade do ano.
- ✓ Realizouse un proceso de validación das materias do Plan de estudos de ADE coas das demais facultades do SUG
- ✓ Elaborouse e aprobou a Normativa de boa convivencia

Elaborouse e aprobou a Normativa de Movilidad

- ✓ Cambiouse o proceso de selección e asignación dos TFGs
- ✓ Nova páxina web
- ✓ Adquisición Software de Xestión de horarios dentro do proceso de dixitalización progresiva da Facultade.
- ✓ Desenvolvemento de redes sociais, principalmente, Instagram
- ✓ Desenvolvemento da canle Youtube da Facultade
- ✓ O equipo congratulouse publicamente dos éxitos das persoas que forman parte da nosa Facultade e manifestou o seu agradecemento ao PDI que se xubilou nestes tres anos. Fago un inciso para felicitar ao profesor Nicanor Alonso por gañar un premio nacional de novela curta de humor. Que importante é tomarse a vida con humor!
- ✓ Celebramos un Acto conmemorativo do 30 aniversario do edificio que alberga a Facultade coa satisfacción de comprobar como antigos estudantes e gran parte do profesorado xubilado han asistido ao acto.
- ✓ Quixemos dar un recoñecemento a todas as persoas que ocuparon o cargo de Decana ou Decano coa fotografía que está na entrada ao Salón de Actos.
- ✓ Celebración de actos de benvida híbridos con alta participación do alumnado (máis de 600 en setembro de 2020 e ao redor de 500 en 2021).
- ✓ Realización dunha semana solidaria de apoio ao Banco de Alimentos en 2018 e 2019. En 2020, a pandemia impediuno.

Ademais, temos en curso:

- ✓ A obtención do Selo de Calidade do centro.

No mes de xullo tivemos unha Visita de acreditación. Os acreditadores, por desgraza, non souberon acceder á aplicación de Calidade da UVigo, onde están todos os procedementos e documentación rexistrada. Recoñeceron o seu fallo e acordaron contactar coa área de Calidade da UVigo en setembro. Ata finais de outubro non puido a director da área de Calidade conseguir unha cita con eles xa que levan todos os procedementos con atraso por mor da pandemia. Para a concesión do selo de calidade solicitaron que se lles envíe a documentación en formato pdf.

O informe xa está feito e enviarase esta semana.

- ✓ A instalación dun ascensor, antes de final de ano, entre a planta terceira (zona de aulas seminario) e a planta do Salón de Actos para facilitar o acceso ás persoas

de mobilidade reducida. Esta instalación sufrágase integramente con fondos de Servizos Centrais. O tema dos accesos para as persoas de mobilidade reducida é prioritario para este equipo como se demostra coa mellora, financiada con fondos da Facultade, da pasarela de madeira sita no vial de servizo de baixada a Xurídicas que estaba en tan mal estado que provocou a caída á calzada dunha persoa en cadeira de rodas o pasado ano. co consecuente risco de accidente,

- ✓ A creación dunha zona de descanso na zona comprendida entre as dúas entradas ao Salón de Actos.
- ✓ Un proxecto piloto de dixitalización dalgunhas aulas que substituirá o canón e a pantalla existentes por pantallas de gran tamaño e resolución
- ✓ A solicitude do Distintivo de Igualdade

Coa información enviada por parte do PDI da Facultade, elaborouse unha Memoria para a solicitude do distintivo. O prazo límite para o seu envío foi o 31 de maio de 2021. Nesta ocasión só concedíase un Distintivo. A resolución do distintivo publicouse o 14 de setembro. Consequimos un terceiro posto na clasificación, o que nos animou a volver participar no novo concurso que xa está aberto ata o mes de decembro. Se obtemos o respaldo da Xunta de Facultade, volveremos tentalo nesta ocasión. Para iso, pensamos nos seguintes proxectos que xa están en marcha:

- Dar visibilidade entre o alumnado da Facultade á participación das mulleres no campo da economía e a empresa. Proxecto: Facer actividades avaliáveis nas clases prácticas nas distintas titulacións da Facultade e darlles publicidade a través dos medios técnicos cos que se conta e as redes sociais.
- Experiencia piloto co alumnado de 4º curso do grao en Economía, que pretende estenderse a outros cursos e titulacións: Proxecto: Infografías sobre mulleres en postos relevantes en institucións internacionais (FMI, Banco Mundial, bancos centrais...) e mulleres economistas de recoñecido prestixio.
- Mesa redonda con mulleres que ocupan cargos de alta dirección en empresas, que está programada para o 24 de novembro. Participan a CEO de Roberto Verino, a Fundadora de Vaca Films, a CFO do Real Club Celta e a directora de Eimskip, moderadas pola presidenta de “Executivas de Galicia”
- Ademais, estamos a traballar na posibilidade de contar para o próximo cuadrimestre, dentro do ciclo periódico de conferencias, coa presenza da CEO de Leite Río, coa vicepresidenta de Airbus Defence and Space e responsable da Liña de Montaxe Final do A400 M, única muller neste tipo de cargo e con mulleres que son deportistas de elite.

En canto á proxección externa da Facultade, queremos destacar:

✓ Creación do Foro de Emprego:

O obxectivo da celebración do Foro de Emprego é facilitar o acceso ao mercado laboral do alumnado das titulacións de ADE, Economía e o Dobre Grao ADE-Dereito, en particular e da Universidade de Vigo, en xeral. A través do Foro de Emprego conséguense achegar ao estudiantado ás empresas e despachos profesionais e, á vez, ofrécese ás firmas que participan a posibilidade de que se dean a coñecer e de captar talento. Nas 3 edicións que tiveron lugar detéctase unha forte consolidación do evento que indica que non se debe cancelar. Neste sentido cabe indicar que, pasamos de 27 empresas participantes en 2019 a 46 en 2021, de 300 estudantes en 2019 a 730 en 2021 e de 14 relatorios en 2019 a 34 en 2021.

Hai que destacar outros aspectos como: a gran implicación dos estudantes na organización do evento (60 na edición presencial de 2020 e 14 na edición virtual de 2021), que os másteres impartidos na FCCEE tiveron o seu propio espazo, nas dúas últimas edicións, para facilitar o seu coñecemento ao alumnado e que o Foro xa transcende á nosa Facultade.

Pódese concluír que a celebración do Foro de Emprego favorece a proxección externa da nosa Facultade e, o feito de que un número tan relevante de empresas tan recoñecidas estea disposta a participar ano tras ano, engade un plus de calidade ao centro.

✓ Conferencias

Ao longo do curso, antes dos períodos de exames, o decanato organiza conferencias e charlas dirixidas a toda a comunidade universitaria, aínda que tamén están abertas á sociedade en xeral. Antes do desencadeamento da crise da covid-19 todas as conferencias celebrábanse nas dependencias da Facultade. As restricións de aforo e a rápida evolución dos medios tecnolóxicos durante a pandemia propiciaron a realización de actos mixtos, cunha moi limitada presenza no salón de actos, pero gran capacidade de participación a través das plataformas virtuais. As charlas emítese en directo e boa parte delas son tamén gravadas para que poidan ser vistas a posteriori a través de UVigo-TV ou da canle de youtube da Facultade.

A calidade dos/as relatoras fai destas conferencias un extraordinario medio para a aprendizaxe e a posibilidade de contar cunha visión da profesión moi próxima á realidade.

Deixando á marxe as 80 conferencias ou talleres que se impartiron dentro do Foro de Emprego, podemos comentar que:

- ✓ No ámbito da Economía contamos coa presenza do Vicepresidente do Banco Central Europeo, a Ministra de Economía e Transformación Dixital, un exministro de Industria, o economista xefe dunha multinacional do sector da construción e dous expertos no sector da Enerxía.

- ✓ No ámbito empresarial habemos contado coa presenza de 6 CEOs de empresas (Adolfo Domínguez, Hijos de Rivera, Mascato, Norvento, T-Solar e Zendal), 2 directores de Desenvolvemento Corporativo e Estratexia (Inditex e Telefónica) e unha vicedirectora xeral (Citic Censa).
- ✓ No ámbito das denominadas “habilidades brandas” tan necesarias hoxe en día para ter éxito profesional escoitamos: ao adestrador dun dos tres mellores tenistas da historia; a un sobrevivente do accidente dos Andes; á directora de xestión de persoas dun dos restaurantes máis importantes do mundo e psicóloga dun dos clubs deportivos de maior proxección mundial; a unha Chef galega con Estrela Michelin, a un gañador da Volta ao Mundo de Vela, a un campión olímpico e 4 veces campión do mundo en piragüismo, a un subcampión paralímpico en baloncesto en cadeira de rodas, a un paralímpico tetracampeón mundial e europeo en parataekwondo e un campión europeo e diploma olímpico en remos con só 18 anos.
- ✓ Por último, contamos coa presenza do Presidente do Comité Olímpico Español e realizouse a pedimento da Embaixada de Xapón, coa que abrimos unha canle de cooperación e que financiou o evento, unha mesa redonda sobre oportunidades de negocio entre Xapón e España”.

Todos estes eventos realizáronse en colaboración coa Fundación Mentor e, desde 2021, coa Fundación Banco Sabadell. Tamén se organizou algún evento, como o de Luís de Guindos, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Pontevedra.

É importante apuntar que todos estes eventos tiveron unha repercusión relevante nos medios de comunicación.

- ✓ Tamén se organizaron talleres, presentacións de empresas ou de bolsas fose do Foro de Emprego a pedimento das empresas ou institucións.
- ✓ Por último, a Fundación Mentor ampliou a participación dos seus cursos a estudantes de Economía e ADE.

FUTURO

Somos conscientes de que non podemos cumprir con todo o noso programa, quizais pola dedicación que nos esixiu a xestión da pandemia. Non creamos a Asociación de Antigos Alumnos nin podemos organizar unha xornada de portas abertas para os centros de bacharelato (aínda que os resultados de captación foron razoablemente bos) e non podemos desenvolver todo o que nos gustase a ampliación da bolsa de prácticas. Estes claramente son temas que teremos que abordar, se conseguimos a confianza da Xunta de Facultade, ademais de perfeccionar o conseguido ata o de agora.

É evidente que debemos adaptar algunha normativa, como o regulamento de réxime interno, aos novos Estatutos da Universidade e que debemos analizar con detalle o Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

Respecto a a docencia en inglés, mentres non exista un novo plan, seguiremos recomendando que o grupo en inglés sexa impartido por un PDI diferente ao que imparte o grupo en castelán para que o estudantado nacional que queira cursar a docencia en inglés non sufra ningunha desvantaxe en relación co estudantado que cursa todas as materias en español ou galego. Se se pon en marcha un novo plan convocaremos ás direccións de departamento para tentar definir a nova oferta.

Quero comentar tamén que estamos a facer xestións co vicerreitor de planificación para mellorar eficientemente os consumos enerxéticos e contar cun sistema de monitoraxe global de todos os recursos (auga, electricidade, gas). Están a valorar a posibilidade de instalar paneis fotovoltaicos se as condicións dos tellados e a súa orientación permíteno para unha mellor eficiencia e tamén instalar paneis na pérgola exterior. Tamén estamos a tentar conseguir o compromiso de renovación da madeira do Salón de Actos, dado o calamitoso estado no que se atopa.

Respecto a ECOBAS estamos a traballar na súa localización na planta primeira do edificio novo de despachos que implicaría unha limpeza do acceso e a colocación dun tótem identificativo da súa localización.

Para concluír, mantemos o mesmo equipo de persoas coas que finalizamos o noso mandato, cunha reatribución de funcións entre dúas dos integrantes, e esperamos que, se conseguimos o apoio da Xunta, podamos ser seis persoas ao longo do mandato, xa que no noso anterior mandato só puidemos gozar desta situación 2 ou 3 meses.

Como hai 3 anos, volvemos ofrecer: humildade, ilusión, dedicación, rigor, ganas de integrar ao maior número de membros do centro no proxecto e sempre baixo o paraugas da transparencia e o respecto ás normativas vixentes. E de novo, solicitamos a axuda de todos, PDI, PAS e estudantado, para posicionar a Facultade no mellor nivel posible.

Moitas grazas,

Coral del Rio Otero pide a palabra para leer un texto que quere que figure de xeito íntegro nesta Acta:

Con esta intervención quero expresar o sentir do meu voto nas eleccións a decana ou decano na Facultade de CC. Económicas e Empresariais, onde se presenta á reelección o actual decano, o profesor Jorge Falagán Mota. Tentarei ser concisa por respecto cara ás persoas presentes nesta xunta de centro.

En primeiro lugar, quero recoñecer publicamente o esforzo realizado polo equipo directivo saínte, xa que son consciente de que as condicións impostas pola pandemia non foron as máis favorábeis, e sen dúbida demandaron un traballo extra considerábel. Tamén me congratulo da exemplar resposta dada polos distintos colectivos que integran o noso centro ou simplemente traballan nel: PDI, PAS, alumnado e persoal de limpeza. Creo que o éxito acadado é froito do bo facer de todas e todos nós, e debemos alegrarnos diso.

Con todo, e en segundo lugar, tamén quero facer público que o meu voto será negativo á reelección do actual decano porque, máis aló das citadas circunstancias, considero que desde o seu posto, como máximo dirixente deste centro, non defendeu publicamente os seus intereses, nin fixo fronte ao maior reto ao que se enfrontou esta Facultade nos seus 30 anos de historia. Refirome, obviamente, ao recente plan de traslado das súas titulacións de grao a diferentes edificios da cidade de Vigo. Plan que nos foi explicado polo propio decano na Xunta de Facultade do 8 de marzo de 2021, e presentado publicamente polo Reitor diante dos medios de comunicación, unha semana despois, nunha rolda de prensa conxunta co alcalde de Vigo e o delegado de Zona Franca. Quero lembrar que en dita proposta, o grao en ADE e o dobre grao ADE-Dereito impartiríanse nos edificios de Peniche, unha vez adquiridos a Zona Franca; o grao en Economía trasladaríase no futuro ao antigo edificio dos xulgados de Travesas (previas negociacións coa Xunta); as actividades de investigación e ECOBAS permanecerían no edificio actual, no campus Lagoas-Marcosende; e os servizos de alumnado, departamentos, decanato, biblioteca, etc., non se concretaba onde estarían situados. Descoñecemos se correrían a mesma “sorte” e tamén se disgregarían por diferentes edificios ou non.

Ante este despropósito, e a partir da citada rolda de prensa que desvelou a velocidade que o reitorado estáballe a pór ao devandito proxecto, a partir dese momento, repito, non volvemos saber nada respecto diste tema por parte do noso decano. Nin mostrou curiosidade por tentear a opinión dos seus representados (xa fose convocando unha Xunta de Facultade ou unha reunión informal), nin mostrou interese algún en comunicarnos cal era a súa postura e o que pensaba facer ao respecto. Nada preguntou e nada fixo publicamente. Ata o punto de que foi necesaria a presentación das firmas correspondentes para que unha Xunta de Facultade Extraordinaria puidese mostrar o sentir maioritario do centro, contrario ao devandito plan. O noso decano mostrou unha actitude seguidora dos plans do actual equipo reitoral (aínda que só fose pola súa pasividade), sen achegar unha mínima visión crítica dende o noso centro. Non é este o modelo de liderado ao que aspiro, nin é este o papel que quero que xogue a nosa facultade no contexto da Universidade de Vigo: invisíbel e sen peso ningún, nin tan sequer para defender o seu.

Con esta intervención quero amosar o meu desexo de ter unha dirección que exerza un liderado en sintonía coa comunidade á que serve, e que adopte unha actitude activa ante os retos aos que se enfronta o noso centro e a nosa universidade. Desgraciadamente non sairá desta elección, xa que pouco espero do actual decano, vistos os antecedentes, pero teño a certeza de que, se as persoas que pensamos que hai outra forma de dirixir o centro



PROPOSTA DE ACTA DA XUNTA DE FACUTADE, DO 03/11/21

estamos en sintonía e traballamos xuntas, poderase tecer unha alternativa de futuro máis atractiva e ilusionante que a proposta actual.

Non é doado para min votar que non cando só hai unha única candidatura, pero tampouco desexo que unha abstención poida ser interpretada como unha posición de indiferenza ante as políticas e as formas que se seguiron ata o de agora.

Moitas grazas.

Como non hai máis intervención comeza a votación:

1ª Votación:

45 SÍES
42 NOES
6 BLANCO

Como non se alcanzou nesta primeira votación a maioría absoluta dos presentes (48 votos) debe de realizarse una segunda votación no que a candidatura precisa obter máis votos si es que noes para poder ser proclamada como vencedora.

2ª Votación:

43 SÍES
46 NOES
3 BLANCOS

Como a candidatura recibiu máis votos en contra que a favor queda rexeitada para a súa aceptación polo pleno desta Xunta de Facultade.

Rematada a orde do día ás 14:40 horas, e sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

Vº e Pr.:

O Decano

A Secretaria